

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE OUTUBRO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
Escusa asistencia	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de outubro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (28/09/2023).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e oito de setembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de Bocaleon Ibérica, S.L. (Expediente número 2022/U026/000098)

Dáse conta do citado expediente promovido por don Francisco Javier Simón Barallobre, en representación de Bocaleon Ibérica, S.L, para desempedrar e retirar as pedras superficiais de gran tamaño enterrándoas no propio terreo para poder realizar plantación de viñado prevista, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Juan Romero Brañas (Arquitecto Técnico, Col. 1784 COATAC) e de data agosto do 2023.

Dáse conta da autorización outorgada pola Consellería do Medio Rural – Servizo de Montes. Expediente ID-348, condicionada ao cumprimento das condicións impostas no mencionado informe.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre as parcelas con referencia catastral 15090A50600378 - 15090A50600377, emprazada en Sarandón (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de especial protección forestal. R-3.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Non se afectará ningún elemento das vías ou espazos públicos (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberán reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizadas, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorización outorgadas,

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.2.- Instancia de don Jesús Ares Núñez. (Expediente número 2023/U018/000012)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para parcelamento da finca con referencia catastral 000401800NH43C emprazada en Sarandón - Sarandón (San Pedro), en oito parcelas resultantes e dúas parcelas de cesión de terreos nos termos da documentación técnica achegada asinada por Franciso Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 25/08/2023.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Dos núcleos rurais, N-1. De expansión dos núcleos rurais. N-2. e Solo rústico de especial protección agrícola. R-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Sarandón - Sarandón (San Pedro) nos termos da documentación técnica achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon á cantidade de catrocentos oitenta euros (#480,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos de dúas parcelas de 157,00 m² na vía leste e de 192,00 m² na vía oeste, e que, previos os trámites oportunos, serán incorporadas ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.3.- Comunicación de dona Andrea Sanjurjo Vaamonde. (Expediente núm. 2023/U019/000001)

Dáse conta da declaración responsable achegada por Andrea Sanjurjo Vaamonde de inicio da actividade de salón de peiteado, en Eiravedra, 31 baixo - Ribadulla (Santa Cruz), neste termo municipal. Expediente municipal número: 2023/U019/000001.

Dáse conta tamén da comunicación previa de obra para actividade do expediente 2022/U026/000079, do que se tomou coñecemento pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 23/11/2022.

Visto o disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e demais de aplicación.

A Xunta de Goberno Local á vista do contido do expediente:

1º.- Toma coñecemento do inicio da actividade de salón de peiteado en Eiravedra, 31 baixo - Ribadulla (Santa Cruz), neste termo municipal, nos termos declarados por Andrea Sanjurjo Vaamonde e conforme á documentación que consta no expediente.

2º.- Aproba a liquidación das taxas do expediente xa ingresadas na tesourería municipal.

2.4.- Instancia núm. 202300000000497 de don José Manuel Botana Carreira. (Expediente número 2023/U022/000021)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de renovación de cuberta de vienda consistente en retirar a tella existente colocando nova tella, caleiros e baixantes en Afós, 1 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2023/U022/000021), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación achegada e cun presuposto de execución material de 17.000,00 euros, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000801400NH43F.

Dáse conta tamén da autorización, que se achega ao presente acordo, outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 03/10/2023 (expediente: SPR-2023-0890.AUI), para as actuacións solicitadas, condicionada ao cumprimento das condicións que se indican no punto 2.2 da resolución e coa observancia dos criterios inseridos no punto 2.1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación achegada.

-O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións.

-As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

-Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos corenta euros (#340,00#).

2.5.- Instancia núm. 2023999000000831 de dona Marina Silva Peña o (Expediente número 2023/U022/000031)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada e José Manuel Neiro Pena, solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de PB+1 en Paradela, 77 - Sales (San Xián) (expediente núm.: 2023/U022/000031), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Antonio Sabucedo Costa, en calidade de arquitecto, sendo Antonio Jorge González o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde; e un presuposto de execución material de 131.000,00 euros, coas seguintes características:

PARAMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	716,00
Parcela bruta total (m ²)				1.056
Cesións regularización viario (m ²)	A aliñación	A aliñación		340
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,40 (286,40)	0,30		285,90 < (286,40)
Ocupación máxima (%)	50 (358)	40		193,58 < 358,00
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Retranqueos (m)	Aliñ>3,00	>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 6,00	(4)	B+1/6,04
Altura sóto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de este Concello de Vedra e executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A00100356.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento do prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Antonio Sabucedo Costa número de visado 2304282/3, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberán reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de se-lo caso, que materiais e ferramentas poida caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade e se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos Servizos Técnicos Municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións estremeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número P-03, de 340,00 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos e á xustificación documental e gráfica dos mesmos.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos Servizos Técnicos Municipais do concello de Vedra poderán inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene á autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así coma do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Dous mil seiscientos vinte euros (#2.620,00#).
- Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras

2.6.- Instancia núm. 202399900000842 de don José Montero Mratínez. (Expediente número 2023/U022/000032)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, superficie construída 349,53 m² e superficie de ampliación 231,76 m², en Laraño, 34 - Sales (San Xián) (expediente núm.: 2023/U022/000032), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Marcos Samaniego Reimundez, en calidade de arquitecto, coas seguintes características: altura: < 7 metros; plantas: S+B+1; ; ocupación: inferior ao 30% da parcela neta ; coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta; presuposto de execución material de 192.762,76 euros, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090B50140045.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Marcos Samaniego Reimúndez con número de visado 2304384,2, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil oitocentos cincuenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (#3.855,26#).

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.7.-Instancia núm. 202399900000978 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2023/U022/000036)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A. solicita licenza para obras de liña subterránea de baixa tensión con inicio en PAS e final na CPM do solicitante; liñas aéreas de baixa tensión con inicio e final en apoios, sendo a canalización da obra de dous metros; carpeta de permisos recuamento RBTA, Lugar Sarandón , s/n (Vedra) con SGD:618523030064, en Sarandón - Sarandón (San Miguel) (expediente núm.: 2023/U022/000036), en solo cualificado polo vixente PXOM como Dos núcleos rurais. N-2, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Susana Casais Pérez, en calidade de enxeñeira técnica industrial, cun orzamento provisional de 4.507,16 euros.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña, expediente 2023000030260.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 08/06/2023.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outórganse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de noventa euros con catorce céntimos (#90,14#)

2.8.- Comunicación de obra de don José Iglesias López. (Expediente número 2023/U026/000032)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Iglesias López para instalación solar fotovoltaica para autoconsumo de 16 paneis e potencia de instalación 6,56 kw sobre cuberta de edificación, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Sergio Barral González de data 07/06/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001502300NH34B0001UI, emprazada en Paradela, 38 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e catro euros con cincuenta e oito céntimos (#154,58#).

2.9.- Comunicación de obra de dona Raquel Fernández Castiñeiras. (Expediente número 2023/U026/000053)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Raquel Fernández Castiñeiras para rehabilitación de edificación auxiliar de 75 m² consistente en reparación de cuberta e fachadas laterais e traseira, e peche de fachada principal, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Eugenio Torreira Pais en calidade de arquitecto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000101900NH43C0001SR, emprazada en Vilarpiñeiro, 4 - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos dezaioito euros con corenta céntimos (#218,40#).

2.10.- Comunicación de obra de dona Alicia López Valdés. (Expediente número 2023/U026/000063)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Alicia López Valdés para reparación de muro de pedra perimetral, de aproximadamente 45 metros de largo, colando postes e malla de arame sen superar os 1,80 metros de altura.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50700399, emprazada en Argunte - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.11.- Instancia núm. 202399900000633 de Construcciones Roberto Vales, S.L. (Expediente número 2023/U052/000003)

Dáse conta da citada instancia na que don Roberto Vales Lobato en representación de Construcciones Roberto Vales, S.L, expón que con data do 12/12/2006 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de nove vivendas unifamiliares na rúa Alcalde Francisco Carrillo – Ribadulla (Santa Cruz) (licenza número 110/2006), nos termos da documentación técnica achegada, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a licenza de primeira utilización das vivendas número 3 e 4.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (Expdte.: 2023/U052/000003) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de cento oitenta euros (#180,00#) euros xa ingresada nas arcas municipais.

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2.12.- Instancia núm. 202399900000767 de dona Andrea Calvelo Boo. (Expediente número 2023/U052/000004)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada expón que con data do 21/07/2020 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Xián, 43 – Trobe (San Andrés), referencia catastral da parcela 15090A50500673, (licenza número 2020/U022/000019), nos termos do proxecto achegado e asinado por Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto, e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva comunica a primeira ocupación da edificación obxecto do expediente.

Dáse conta tamén que se achega cesión dos terreos do expediente 2019/U018/000019 de 249 m² inscrita no Rexistro da Propiedade de Santiago.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, toma coñecemento da comunicación da primeira ocupación (Expediente 2023/U052/000004) e aproba a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros e xa ingresadas na tesourería municipal.

A toma de coñecemento faise deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

3.1.- Escrito de Obras y Viales de Galicia, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Luís A. García Gutiérrez, en representación de Obras y Viales de Galicia, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Ampliación abastecemento en Laraño zona sur*, incluída no POS + Adicional 1/2019 (plan único de concellos) (Expediente núm. 2021/C003/000004).

Rematado o prazo de garantía da obra e á vista do informe favorable da directora da obra, a Xunta de Goberno Local acorda proceder á devolución do citado aval.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de setembro:

DECRETO	01/09/2023	ASUNTO
682	01/09/2023	Aprobación conta xustificativa subvención nominativa concedida ao Club Escolas Deportivas de Vedra e orde de pagamento
683	01/09/2023	Aprobación conta xustificativa subvención nominativa concedida ao Club U.D. Val do Ulla e orde de pagamento
684	01/09/2023	Aprobación solicitude cancelación de operación de crédito a curto prazo (póliza) por importe de 400.000 euros
685	01/09/2023	Baixa SAF-Libre concorrencia de DGR por paso á modalidade de dependencia
686	01/09/2023	Baixa SAF-Libre concorrencia de APL por paso á modalidade de dependencia
687	04/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
688	04/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
689	05/09/2023	Alta SAF-Libre concorrencia de RPR

690	05/09/2023	Solicitud de subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico. Anualidade 2023
691	06/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
692	06/09/2023	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 10 de Pousada de Arriba –Vedra
693	06/09/2023	Alta no servizo de abastecemento de auga do edificio núm. 49 de Castro –Ponte Ulla
694	07/09/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación correspondente ao mes de setembro
695	07/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
696	07/09/2023	Solicitud de subvención de axudas para a funcionamento e gratuidade da atención educativa na EIM de Vedra para o curso 2023/2024
697	07/09/2023	Autorización celebración XXX Carreira de Gundián
698	07/09/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de material, correspondente ao curso 2023/2024
699	08/09/2023	Solicitud ao concello de Boqueixón de ingreso da achega correspondente ao Programa de Conciliación Conxuga, curso 2022/2023
700	11/09/2023	Alta no servizo de comedor da EIM do menor VMS, curso 2023/2024
701	11/09/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
702	12/09/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade de libre concorrência, correspondente ao mes de agosto
703	12/09/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade de dependencia, correspondente ao mes de agosto
704	11/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
705	11/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
706	12/09/2023	Pago bono de alimentos a supermercado (XXV)
707	13/09/2023	Autorización redución de xornada por conciliación da vida laboral e familiar á traballadora municipal, para o coidado de fillos menores de 12 anos
708	13/09/2023	Aprobación solicitude de amortización anticipada do préstamo núm. 0081-8076355035-77 coa entidade Sabadell, S.A.
709	13/09/2023	Prórroga contrato laboral á axudante recollida de residuos sólidos urbanos ata o 04.10.2023, para cubrir vacacións e permisos do persoal
710	14/09/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
711	15/09/2023	Traslado de información a familias usuarias do Programa Concilia para a tramitación do bono concilia familia 2023
712	15/09/2023	Traslado de información a familias usuarias do Programa Concilia para a tramitación do bono concilia familia 2023
713	15/09/2023	Traslado de información a familias usuarias do Programa Concilia para a tramitación do bono concilia familia 2023
714	15/09/2023	Adxudicación praza vacante Programa Conxuga, modalidade madrugadores, curso 2023/2024
715	20/09/2023	Adxudicación contrato de <i>Mellora de camiños en Reboredo, Socastro,. Agrelo e Outros (POS + Adicional 2/2022I)</i> a Martínez Montes e Hijos, S.L (Expediente núm. 2023/C003/000003)
716	19/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes

717	19/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
718	19/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
719	20/09/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo ludoteca (Programa Conxuga), correspondente ao mes de setembro
720	20/09/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de madrugadores (Programa Conxuga), correspondente ao mes de setembro
721	20/09/2023	Aprobación nóminas do mes de setembro
722	20/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
723	20/09/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
724	21/09/2023	Designación Vocal 4ª (técnico/a designada pola Alcaldía) na Mesa de Contratación Permanente licitación expediente de subministración dos bens incluídos no proxecto de mellora da xestión de biorresiduos 2022/2023 (Expediente 2023/C005/000001)
725	21/09/2023	Designación Vocal 4ª (técnico/a designada pola Alcaldía) na Mesa de Contratación Permanente licitación expediente de prestación dos servizo de limpeza dos locais municipais (Expediente 2023/C004/000002)
726	21/09/2023	Aprobación da autoliquidación do 2º cuadrimestre 2023 do canon de auga e tramitación perante Augas de Galicia
727	22/09/2023	Aprobación cambio de titularidade recibos taxa de lixo da vivenda núm. 5 de Outeiro –San Pedro de Vilanova
728	25/09/2023	Cambio de titularidade recibo taxa de lixo da vivenda sita no núm. 4 de Trobe – San Andrés de Trobe
729	26/09/2023	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 67 de Paradela- San Xián de Sales
730	26/09/2023	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 38 de Pousada de Abaixo –Vedra
731	26/09/2023	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 2 de Pousada de Arriba –Vedra
732	26/09/2023	Alta no servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 4 de Pousada de Arriba –Vedra
733	28/09/2023	Autorización ao Club Olímpico de Vedra do uso das instalacións deportivas municipais para a tempada 2023/2024
734	29/09/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
735	29/09/2023	Adxudicación praza vacante Programa Conxuga, curso 2023/2024 a GVC
736	29/09/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2023.24 por importe de 166.102,94 euros
737	29/09/2023	Revisión expediente e desestimación solicitude devolución importe mensualidade de setembro do Programa Conxuga, curso 2023/2024 (modalidade ludoteca) a AMS e PMS
738	29/09/2023	Revisión expediente e desestimación solicitude devolución importe mensualidade de setembro do Programa Conxuga, curso 2023/2024 (modalidade madrugadores) a AMS e PMS
739	29/09/2023	Aprobación certificación núm. 3 da obra de <i>Pavimentación de pistas en San Xián, Illobre, San Mamede e outros (POS + Adicional 2/2022)</i> e factura correspondente da empresa adxudicataria da obra, Construcciones Caldevergazo, S.L , por importe de 64.217,18 euros
740	29/09/2023	Aprobación certificación núm. 6 da obra de <i>Saneamento en Santa Cruz (POS + Adicional 2/2021)</i> e factura correspondente da empresa

		adxudicataria da obra, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de 22.754,10 euros
--	--	---

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5º.- Outros asuntos.

5.1.- Aprobación convenio de colaboración coa Asociación Terras de Compostela (GDR Terras de Compostela)

Dáse conta do convenio de colaboración para a xestión do Plan de sustentabilidade turística nova experiencia enogastronómica e incremento da cota de mercado do destino Terras de Santiago no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea NexGenerationEU, entre a Asociación Terras de Compostela (GDR Terras de Compostela) e os concellos de A Baña, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Teo, Val do Dubra e Vedra, cuxo texto se achega como Anexo I á presente acta.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.

ANEXO I

PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO NOVA EXPERIENCIA ENOGASTRONÓMICA E INCREMENTO DA COTA DEMERCADO DO DESTINO TERRAS DE SANTIAGO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN



**GDR TERRAS DE COMPOSTELA
CONCELLO DE A BAÑA
CONCELLO DE AMES
CONCELLO DE BOQUEIXÓN
CONCELLO DE BRIÓN
CONCELLO DE NEGREIRA
CONCELLO DE SANTA COMBA
CONCELLO DE TEO
CONCELLO DE VAL DO DUBRA
CONCELLO DE VEDRA**



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA NOVA EXPERIENCIA ENOGASTRONÓMICA E INCREMENTO DA COTA DE MERCADO DO DESTINO TERRAS DE SANTIAGO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXT GENERATION EU

En Vedra, ... de ... de

COMPARECEN

Os alcaldes comparecentes interveñen en nome de cadanseu concello, aos que representan ao abeiro dos artigos 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, e 61.1.a) da Lei 5/1997, da administración local de Galicia. Están autorizados para este acto mediante acordo que se indica en cada caso:

Concello	Representante	Acordo
A Baña	José Antonio Pereira Gil, Alcalde	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023
Ames	José Blas García Piñero, Alcalde	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023
Boqueixón	Ovidio Rodeiro Tato, Alcalde	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023
Brión	Pablo Lago Sanmartín, Alcalde	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023
Negreira	Manuel Ángel Leis, Alcalde	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023
Santa Comba	Alberto Romar Landeira, Alcalde	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023
Teo	Lucía Calvo de la Uz, Alcaldesa	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023
Val do Dubra	Diego Luis Díaz Méndez, Alcalde	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023
Vedra	Carlos Martínez Carrillo, Alcalde	Acordo do Pleno de Constitución da Corporación Municipal de data 10/06/2023

Ademais, D^a. María Guarina Rey Vázquez, interveñen en nome da Asociación Terras de Compostela (en diante GDR Terras de Compostela), titular do CIF nº G70181557, á que representa de conformidade co artigo 18) dos seus estatutos na súa condición de presidenta da entidade. Está autorizada para este acto en virtude de acordo adoptado na Asemblea Xeral da asociación na sesión que tivo lugar o día 15/06/2023 .

EXPOÑEN



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro. Por medio de convenio asinado entre a Axencia Turismo de Galicia e o GRD Terras de Compostela con data 9 de agosto de 2023 as partes asinantes articularon a colaboración para executar o subproxecto denominado “Plan de sustentabilidade turística en Nova Experiencia Enogastronómica e Incremento da Cota de Mercado do Destino Terras de Santiago”, en diante PSTD Terras de Santiago, con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e recoñécese ao GDR Terras de Compostela como entidade xestora do devandito subproxecto.

Segundo. A relación das actuacións previstas no antedito subproxecto son as recollidas na cláusula terceira do devandito convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e o GDR Terras de Compostela, e o seu custo ascende a un millón trescentos mil euros (1.300.000 €) do xeito que se detalla no seguinte cadro que recolle, ademais, as etiquetas climáticas (EC) asignadas ás actuacións dos Eixos 1 e 2:

Eixos de actuación prioritaria	Actuacións		Anualidade 1	Anualidade 2	Anualidade 3	TOTAL
EIXO 1 Transición verde e sostible	1.1.	EC 037 Mercados gastronómicos: resiliencia fronte ao cambio climático	78.300	21.750		100.050
	1.2.	EC-050 Restauración ambiental no Camiño dos Arrieiros	26.100	60.900		87.000
	1.3	EC-049 Ordenación do uso turístico de ribeiras e cauces.	17.200			17.200
		Total Eixo 1	121.600	82.650		204.250
EIXO 2 Mellora da eficiencia enerxética	2.1.	EC-075 Mobilidade sostible: A Ponte Ulla	34.800	52.200		87.000
	2.2.	EC-075 Mobilidade sostible: Senda dos pescadores e viticultores do Ulla	69.600	17.400		87.000
	2.3.	EC-075 Mobilidade sostible: Senda agropecuaria de Ames		43.500		43.500
	2.4.	EC-075 Mobilidade sostible: Reforzo das sendas agrarias de Brión.	26.100			26.100
	2.5	EC-029 Instalación fotovoltaica no mercado da Carballeira			43.500	43.500
		Total Eixo 2	130.500	113.100	43.500	287.100
EIXO 3 Transición Dixital	3.1.	Estratexia de dixitalización do destino.	43.000	60.200	51.600	154.800
		Total Eixo 3	43.000	60.200	51.60	154.800
EIXO 4 Competitividade	4.1.	Centro de experiencias gastronómicas	17.400	52.200	17.400	87.000
	4.2.	Mercados gastronómicos: Reforzo turístico do		52.200		52.200



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



	mercado de Negreira				
4.3.	Mercados gastronómicos: reforzo da oferta na Carballeira		17.400		17.400
4.4.	Senda gastronómica Taberna do Bispo		43.500	21.750	65.250
4.5.	Centro de visitantes do destino enogastronómico	13.050	52.200	21.750	87.000
4.6.	Creación e promoción de produtos enogastronómicos.	8.600	43.000	43.000	94.600
4.7.	Creación e promoción de produtos de turismo activo	17.200	17.200	17.200	51.600
4.8.	Capacitación para o turismo enogastronómico	17.200	17.200	34.400	68.800
4.9.	Gobernanza participativa do PSTD e do destino.	40.000	40.000	50.000	130.000
	Total Eixo 4	113.450	334.900	205.500	653.850
	TOTAL	408.550	590.850	300.600	1.300.000

Etiquetas climáticas con coeficiente 100%:

029: Enerxía renovable solar.

037: Medidas de adaptación ao cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: outros, como, por exemplo, tormentas e secas (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos)

075: Infraestruturas para bicicletas.

Etiquetas climáticas con coeficiente 40%:

049: Protección, restauración e uso sostible dos espazos Natura 2000

050: Protección da natureza e a biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis.

Terceiro. O GDR Terras de Compostela e os concellos asinantes consideran que para garantir a xestión e correcta execución das actuacións previstas no plan e subproxecto subvencionado no marco do PRTR é preciso que os concellos actúen como entidades colaboradoras baixo a responsabilidade e dirección da entidade xestora, o GDR Terras e Compostela, de acordo co previsto no apartado cuarto da Resolución 1/2022, do 12 de abril, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda y Función Pública.

Cuarto. A Asemblea do GDR, na súa sesión do 15 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo: “Delegar na Xunta Directiva da Asociación todas as competencias que puidesen corresponder a esta Asemblea en relación á execución do devandito Convenio (Convenio ente a Axencia Turismo de Galicia e o GDR Terras de Compostela). En particular, autorízase á Xunta Directiva a:

-Promover e asinar un convenio de colaboración entre esta Asociación e os concellos de A Baña, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Santa Comba, Teo, Vedra e Val do Dubra que regule a colaboración destes concellos na execución do Convenio.

-Delegar na Presidencia ou en calquera outro cargo unipersoal da Xunta Directiva as funcións e competencias que se estimen oportunas para axilizar a execución do Convenio.



Polo exposto, as persoas comparecentes, na calidade na que cada unha deles intervén, aproban este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as entidades asinantes, por unha banda, o GDR Terras de Compostela, e pola outra, os concellos asinantes de A Baña, Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, Teo, Santa Comba, Vedra e Val do Dubra co obxectivo de executar o PSTD Terras de Santiago con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. O convenio formalízase ao abeiro dos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1º de outubro, de réxime xurídico do sector público, en coherencia co previsto na cláusula segunda do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e o GDR Terras de Compostela.

Segunda. Entidades colaboradoras na execución do PSTD.

O GDR Terras de Compostela ten a condición de entidade xestora do antedito Plan e, en concreto, do subproxecto denominado Plan de sustentabilidade turística en Nova Experiencia Enogastronómica e Incremento da Cota de Mercado do Destino Terras de Santiago”, de conformidade co convenio que asinou coa Axencia Turismo de Galicia con data de 9 de agosto de 2023, que se xunta e que se entende como formando parte integrante deste documento.

Os concellos asinantes terán a condición de entidades colaboradoras da execución dos devanditos Plan e Subproxecto ao abeiro deste convenio e das instrucións aprobadas pola Resolución 1/2022, do 12 de abril, da Secretaría General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda y Función Pública.

O Concello de Vedra, ademais de entidade colaboradora terá a condición de entidade local executora do subproxecto, encargada de subministrar a información de seguimento no sistema CoFFEE e de responsabilizarse dos resultados da xestión do subproxecto a través da sinatura do informe de xestión.

Terceira. Delegación de execución das actuacións nas entidades colaboradoras.

a) O GDR Terras de Compostela, como entidade executora do PSTD, delega en cada un dos concellos asinantes, que aceptan a delegación e actuarán como entidades colaboradoras, a execución de actuacións conforme ao seguinte cadro, que recolle a lista de actuacións e as entidades delegadas responsables da execución.

Eixos de actuación prioritaria	Actuacións		Entidades delegadas responsables
EIXO 1 Transición verde e sostible	1.1.	Mercados gastronómicos: resiliencia fronte ao cambio climático	A efectos de execución, esta actuación divídese do seguinte xeito: 1.1.1. Mercados gastronómicos de Ames, cun orzamento máximo de 43.500 € e execución asignada ao Concello de Ames. 1.1.2. Mercados gastronómicos de Negreira, cun orzamento máximo de 34.800 € e execución asignada ao Concello de Negreira. 1.1.3. Mercados gastronómicos de Santa Comba, cun orzamento máximo de 21.750 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



			e execución asignada ao Concello de Santa Comba.
	1.2.	Restauración ambiental no Camiño dos Arrieiros	Concello de Teo
	1.3	Ordenación do uso turístico de ribeiras e cauces.	Concello de Vedra
EIXO 2 Mellora da eficiencia enerxética	2.1.	Mobilidade sostible: A Ponte Ulla	Concello de Vedra
	2.2.	Mobilidade sostible: Senda dos pescadores e viticultores do Ulla	Concello de Boqueixón
	2.3.	Mobilidade sostible: Senda agropecuaria de Ames	Concello de Ames
	2.4.	Mobilidade sostible: Reforzo das sendas agrarias de Brión.	Concello de Brión
	2.5	Instalación fotovoltaica no el mercado da Carballeira	Concello de Brión
EIXO 3 Transición Dixital	3.1.	Estratexia de dixitalización do destino.	Concello de Vedra
EIXO 4 Competitividade	4.1.	Centro de experiencias gastronómicas	Concello da Baña
	4.2.	Mercados gastronómicos: Reforzo turístico do mercado de Negreira	Concello de Negreira
	4.3.	Mercados gastronómicos: reforzo da oferta na Carballeira	Concello de Brión
	4.4.	Senda gastronómica Taberna do Bispo	Concello de Santa Comba
	4.5.	Centro de visitantes do destino enogastronómico	Concello de Val do Dubra
	4.6.	Creación e promoción de produtos enogastronómicos.	Concello de Vedra
	4.7.	Creación e promoción de produtos de turismo activo	Concello de Vedra
	4.8.	Capacitación para o turismo enogastronómico	Concello de Vedra
	4.9	Gobernanza participativa do PSTD e do destino.	Concello de Vedra

b) O GDR Terras de Compostela poderá modificar esta delegación de actuacións, así como delegar novas actuacións, por acordo da súa asemblea e co voto favorable dos representantes dos concellos designados como executores das mesmas.

c) As entidades colaboradoras comprométense a executar as actuacións delegadas con estrita suxeición ás condicións do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino e, en particular, das fichas de actuación correspondentes e das modificacións aprobadas regulamentariamente.



d) Os concellos poderán propoñer modificación das actuacións delegadas por causa xustificada. A tal efecto, a proposta de modificación deberá ser comunicada á Presidencia do GDR Terras de Compostela, que terá a potestade de autorizala ou remitila, cando proceda, á Comisión de Seguimento do PSTD.

Cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias.

O GDR Terras de Compostela, como entidade xestora, e os concellos asinantes, neste caso con relación ás actuacións cuxa execución asuman por delegación, asumen as obrigacións enumeradas na cláusula quinta do convenio coa Axencia Turismo de Galicia:

1º. A afectación dos ingresos percibidos ao abeiro do Plan á execución das actuacións obxecto de financiamento coa correlativa obrigación de reintegro total ou parcial no caso de non se realizar o gasto ou de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2º. As actuacións financiadas son as enumeradas na cláusula terceira do convenio, cos obxectivos, fitos e programación temporal alí establecida.

3º. Correspóndelles ao GDR Terras de Compostela e aos concellos colaboradores, na medida da delegación realizada a favor de cada un deles, executar as devanditas actuacións, aplicar os fondos previstos aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas, destinar os importes ás actuacións concretas nos prazos estipulados, aplicar os recursos humanos e materiais necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos, xustificar a realización das actuacións e os gastos ante a Axencia Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle na cláusula décima do convenio, actuar baixo os principios de obxectividade, publicidade e transparencia e cumprir as obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4º. Compromiso nos prazos de execución.

4º.1. Para garantir o cumprimento dos prazos de execución do PSTD Terras de Compostela, os concellos asinantes comprométense a cumprir, respecto das actuacións que lles son delegadas, os seguintes fitos:

a) Contratación de proxectos técnicos. Nun prazo de seis meses, dende a sinatura do presente convenio deberán acreditar a contratación dos proxectos técnicos de execución, cando estes sexan preceptivos. Quedan excluídos deste prazo os proxectos técnicos que respondan a segundas fases (musealización, etc.).

b) Inicio de obras e instalacións. Nun prazo de 12 meses dende a sinatura do presente convenio deberá acreditar o inicio de obras e instalacións mediante a presentación da acta de replanteo, no caso de que sexa preceptiva, ou documento similar.

4º.2. No caso de que non se acredite o cumprimento dos citados fitos, o GDR Terras de Compostela poderá retirar a delegación da actuación.

4º.3. No prazo de 18 meses dende a sinatura do presente convenio, o GDR Terras de Compostela realizará unha avaliación da execución das actuacións delegadas, podendo, por acordo da súa Xunta Directiva, asumir ou reasignar a execución de actuacións.



5º. O GDR Terras de Compostela e os concellos colaboradores, na medida da delegación realizada a favor de cada un deles, deberán actuar con suxeición ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e resiliencia e aos seguintes principios:

1º) Con carácter xeral:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos así como os fitos 220 relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos e 221 relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se concederon e realizar as actuacións que integran o proxecto na forma, condicións e prazo establecidos no convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) A prevención, detección, comunicación, corrección e avaliación de risco de fraude, corrupción e conflito de interese e a realización da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar estes conflitos de intereses no marco do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e de acordo coas obrigacións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. A este respecto, as entidades beneficiarias deberán aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, que serán incluídas no seu Plan Xeral de medidas antifraude na aplicación de fondos públicos. En especial, tomará as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos.

d) Someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados ao proxecto mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Axencia Turismo de Galicia, así como ao control financeiro deles pola Consellería de Facenda da comunidade autónoma e o Tribunal de Cuentas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas.

e) Comprométense a remitir a Axencia Turismo de Galicia tanta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) As entidades beneficiarias, en canto entidade executora e colaboradoras da execución, levarán a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información. Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de



conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV. B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. Con esa finalidade, as entidades beneficiarias executante e colaboradoras incluírán nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para cumprir o previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV. B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar ao ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV. C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigación de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar, os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde que se abonase o saldo da operación financeira, ou por un período de tres anos, cando o importe da subvención sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) As entidades beneficiarias están obrigadas a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) As entidades beneficiarias deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.



l) Devolver a Axencia Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na Cláusula 10.

ll) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

m) As entidades beneficiarias comprométense a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2º) En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do cumprimento do mesmo.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD se axustan á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluírán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior dos mesmos; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entullos de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3º) Pola restante normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobo a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.



Así mesmo as entidades beneficiarias comprométense a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e deben acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopan ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non están incursoas nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

Quinta. Actuacións de rehabilitación, equipamentos e infraestruturas

Para as actuacións que signifiquen rehabilitación, equipamentos e infraestruturas deberanse ter en conta as seguintes condicións específicas do principio DNSH, recollidas na cláusula sexta do convenio GDR Terras de Compostela coa Axencia Turismo de Galicia:

- a) Para prevención e o control da contaminación: realizar unha avaliación de impacto ambiental de cada unha dos investimentos da medida de acordo coa Directiva da EIA e a normativa nacional de avaliación de impacto ambiental, e identificaranse e incluírán no deseño de cada proxecto todas as medidas de mitigación necesarias para a prevención e o control da contaminación do chan e da auga.
- b) Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas sobre a base da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.
- c) Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción que poidan entrar en contacto cos usuarios emitirán menos de 0,06 mg de formaldehído por m³ de material ou compoñente e menos de 0,001 mg de compostos orgánicos volátiles canceríxenos de categorías 1A e 1 B por m³ de material ou compoñente, previa proba de acordo con CEN / TS 16516 e ISO 16000-3 ou outras condicións de proba estandarizadas e métodos de determinación comparables. Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.»
- d) Para a prevención e o control da contaminación e protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas: Cando as actuacións de rehabilitación teñan lugar en áreas sensibles á biodiversidade (incluída a rede Natura 2000 de áreas protexidas, sitios do Patrimonio Mundial da UNESCO e áreas clave para a biodiversidade, así como outras áreas protexidas) ou en áreas próximas, requirirase o cumprimento dos artigos 6 (3) e 12 da Directiva de hábitats e o artigo 5 da Directiva de aves. Ademais, cando sexa preceptivo, levará a cabo unha Avaliación de Impacto Ambiental (EIA) de acordo coa Directiva EIA.»
- e) Para mitigación do cambio climático: Na rehabilitación de edificios terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo, permitindo reducir de forma significativa o consumo de enerxía primaria non renovable.
- f) Para adaptación ao cambio climático: As medidas de rehabilitación permitirán contribuír á adaptación dos edificios ao cambio climático, adoptando as solucións de adaptación que sexan posibles no marco das opcións que permita a edificación existente e a súa protección no caso de que sexan edificios protexidos, como a utilización de cubertas vexetais, toldos, zonas de sombreado, etc.



g) Para transición a unha economía circular:

1. Polo menos o 70% (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532 / EC) xerados, nas actuacións previstas neste investimento, será preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.
2. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.
3. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmorte ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

Sexta. Subcontratación.

Consonte a cláusula oitava do antedito convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o GDR Terras de Compostela, as actividades subvencionadas poderán ser obxecto de subcontratación total ou parcial tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como na normativa en materia de axudas de Estado e o establecido no Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro e na Ordes HFP 1030/2021 e HFP 1031/2021, do 29 de setembro. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. A asociación será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

No caso de que se subcontrate parte ou a totalidade da actividade obxecto haberá de prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente».

As entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis esixentes en relación ás normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, así como a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, no seu caso,



non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente.

As entidades beneficiarias deberán identificar os contratistas e subcontratistas, de maneira que incluírán nos procedementos de licitación o seguintes extremos:

- a) NIF do contratista ou subcontratistas.
- b) Nome ou razón social.
- c) Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión.
- f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

Sétima. Prazo e forma de xustificación.

De conformidade coa cláusula décima do convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e o GDR Terras de Compostela, a entidade xestora e as entidades colaboradoras do plan e subproxecto, o GDR Terras de Compostela o os concellos asinantes, deberán rematar as actuacións subvencionadas antes do 31 de decembro 2025 e presentar a xustificación ante a Axencia Turismo de Galicia como data límite o 30 de xuño de 2026 cunha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda se outorgue conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
- c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
- d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deba solicitar o beneficiario.
- e) Certificado expedido pola Intervención, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.
- f) Certificado emitido pola entidade que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como do informe emitido pola Intervención.
- g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.



h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

Tamén deberán conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

Así mesmo, as entidades xestora e colaboradoras deberán presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

Coa finalidade de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística.

- Execución do 75 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 25 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35% de cuxos fondos se destinarán a financiar medidas que aborden a transición verde, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética / electromobidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional.

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presente da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Oitava. Publicidade e difusión.

De conformidade co disposto na cláusula décimo primeira do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e o GDR Terras de Compostela, as entidades beneficiarias das axudas deberán cumprir as seguintes obrigacións:

1. A entidade beneficiaria da axuda deberá cumprir coas seguintes obrigacións en materia de publicidade:

- a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme coa normativa europea e nacional que resulte aplicable segundo ao artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 polo que se regula o MRR e, especificamente, coas do artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.
- b) Nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e



electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberán incluír os seguintes logos:

- 1.º O emblema da Unión Europea.
- 2.º Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea- Next Generation EU».
- 3.º Teranse en conta as normas gráficas e as cores normalizadas establecidas no anexo II do Regulamento de Execución 821/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos. Tamén se pode consultar a seguinte páxina web: <http://publications.europa.eu/code/es/es-5000100.htm> e descargar distintos exemplos do emblema en: https://europa.eu/european-union/about-eu/symbols/flag_es#download.

c) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá incluír que foron financiadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e a Axencia Turismo de Galicia.

d) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá usar como medio de difusión o logo do Plan de Recuperación, dispoñible no link <http://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>.

2. No seu caso, todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público, e o texto deberá estar redactado nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Novena. Incumprimento e reintegro.

1. A constatación de que as entidades beneficiarias non utilizaron a subvención da Axencia Turismo de Galicia para o destino específico para o que se solicitou e concedeu, non realicen a actuación que deu orixe á subvención, non xustifiquen a súa aplicación aos fins determinados para os que se interesou ou, en xeral, da existencia de calquera suposto de incumprimento das condicións que motivaron a concesión da subvención, a negativa para facilitar o labor de inspección e o non cumprimento das obrigacións atribuídas ás persoas beneficiarias, dará lugar previa audiencia ao interesado, á declaración de perda do dereito á percepción da subvención e, no seu caso, á obrigación de reintegrar á Tesoureira Xeral autonómica as cantidades percibidas, máis os intereses legais que procedan, de conformidade e nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, as entidades deberán reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento. No caso de que proceda a devolución anticipada do anticipo reembolsable estarase ao establecido na cláusula décima.

De igual modo, de conformidade co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, celebrada o día 21 de decembro de 2021, na que se aproban os criterios de repartición e distribución territorial de créditos destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, conlevará a devolución total ou parcial das cantidades percibidas:



a) Non lograr, en todo ou en parte, os obxectivos previstos: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

b) Non poder acreditarse o logro dos obxectivos por falta de fiabilidade dos indicadores reportados: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

c) Calquera irregularidade que afecte a medidas baixo a súa responsabilidade determinada en calquera control desenvolvido por autoridades nacionais ou comunitarias que recaia sobre aquelas e que impida o retorno de fondos ao Tesouro: reintegro do importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

d) Non utilización das cantidades recibidas para as medidas para as que se transferiron: reintegro de fondos ao Estado polo importe indebidamente utilizado.

2. Así mesmo, proceden o reintegro de fondos polas súas especiais condicións en caso de incumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo», da etiquetaxe dixital ou ambiental ou das condicións recollidas na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España e no Compoñente 14.

3. Cando o cumprimento polas entidades beneficiarias aproxímese de modo significativo ao cumprimento total, entendendo por tal a adecuada satisfacción do obxectivo perseguido coa concesión da axuda, e acredítese pola entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos por atoparse en fase final de execución as actuacións obxecto da subvención, a cantidade para reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra n) do apartado 3 do artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. O órgano competente para esixir o reintegro da subvención concedida será a persoa titular da Axencia Turismo de Galicia.

Décima. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento.

Conforme ao establecido no artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, a axuda concedida no marco do Mecanismo sumárase á proporcionada conforme outros programas e instrumentos da Unión. As reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo.

Terase así mesmo en conta o previsto no apartado 3 do artigo 7 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

En consecuencia, as axudas deben respectar o principio de adicionalidade e a necesidade de establecer mecanismos que eviten o dobre financiamento, de maneira que os investimentos financiados con fondos do MRR poderán recibir axudas doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo, e en todo caso de conformidade co disposto no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento Xeral da Unión (Regulamento Financeiro).



Décimo primeira. Protección de datos.

As partes asinantes están obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías de dereitos dixitais.

As citadas obrigacións subsistirán aínda despois de terminado o proxecto de referencia.

No presente convenio, será responsable do tratamento a GDR Terras de Compostela nos termos establecidos na normativa referenciada e coas obrigacións e condicionamentos que aquela establece.

Décimo segunda. Normas específicas do procedemento de colaboración dos concellos na execución das actuacións e de coordinación co GDR Terras de Compostela.

1. A colaboración dos concellos asinantes co GDR Terras de Compostela materialízase a través da delegación neles da licitación e execución dos proxectos enumerados na cláusula terceira anterior.

2. A delegación do GDR Terras de Compostela nos concellos colaboradores comprende as seguintes actuacións administrativas:

a) Actos preparatorios da contratación.

-Elaboración e aprobación dos proxectos de obras e dos pregos de cláusulas administrativas particulares dos contratos coa elección do procedemento de licitación, clasificación esixible aos participantes, criterios de solvencia técnica ou profesional e económica e financeira, criterios de adxudicación do contrato e condicións especiais de execución, e división en lotes, se é o caso. Incorporación da certificación de existencia de crédito.

-Elaboración e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas dos servizos coa elección do procedemento de licitación, clasificación esixible aos participantes, criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, criterios de adxudicación do contrato e condicións especiais de execución, e división en lotes, se é o caso. Incorporación da certificación de existencia de crédito.

-A tramitación dos contratos menores, se é o caso.

b) Licitación dos contratos coa publicación de anuncios da licitación, constitución das mesas de contratación, cualificación da documentación e a admisión de proposicións, clasificación das proposicións, tratamento de ofertas anormalmente baixas, proposta de adxudicación e requirimento de documentación, adxudicación dos contratos e nomeamento de directores de obras e/ou responsable do contrato, notificacións e publicación da adxudicación.

c) A formalización dos contratos e anuncios da formalización.

d) A execución dos contratos, exercicio das potestades de control e sancionadoras, e aprobación de certificacións e pagos a conta, se é o caso.



e) A recepción das prestacións dos contratos e o exercicio das potestades de control durante os períodos de garantía.

3. O GDR Terras de Compostela, como entidade executora, resérvase a potestade de control das actuacións de execución dos proxectos por medio da prestación de conformidade previa dos proxectos de obras, e elaboración e aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas das licitacións, sen prexuízo da súa posterior aprobación polos concellos colaboradores en que se delegase a licitación das actuacións co efecto de verificar o cumprimento dos requisitos do PSTD Terras de Compostela.

4. Calquera modificación dos proxectos de obras ou das características dos servizos obxecto de contratación deberá contar coa aprobación previa do GDR Terras de Compostela e, no caso de que sexa preceptivo, coa aprobación da Comisión de Seguimento do PSTD.

5. As obras públicas incluídas no Plan e subproxecto obxecto deste convenio terán a consideración de propias dos concellos asinantes para os efectos de innecesiedade de obter licenza urbanística da Corporación en cuxo territorio ou territorios se desenvolvan e de non suxeición á taxa correspondente nin ao imposto de construcións, obras e instalacións.

6. O destino dos remanentes que se poidan xerar nos procesos de licitación e execución das actuacións ou derivados da non execución deberá ser aprobado polo GDR Terras de Compostela e, no caso de que sexa preceptivo, pola Comisión de Seguimento do PSTD, sempre con suxeición ás normas reguladoras da subvención concedida ao abeiro do PRTR e no marco do PSTD, tendo en conta especialmente as porcentaxes obrigatorias dos eixos e etiquetas climáticas definidos nos regulamentos e convocatoria dos PSTD.

7. O GDR Terras de Compostela transferiralles os fondos da subvencións aos concellos colaboradores en función dos seguintes fitos:

a) No suposto das contratacións relativas ás actuacións 1.3, 3.1, 4.6, 4.7, 4.8 e 4.9 indicadas na cláusula terceira do presente convenio, o concello delegado recibirá o 100% do importe asignado que lle será transferido a unha conta restrinxida ás operacións de execucións do Plan, no momento en que se publique o anuncio de licitación das contratacións vinculadas ás actuacións delegadas ou, no caso de que o procedemento non requira de anuncio de licitación, terase en conta o decreto de adxudicación ou figura equivalente.

b) No suposto de contratacións relativas ás actuacións indicadas na cláusula terceira e non incluídas na anterior letra a), procederase do seguinte xeito:

-No momento en que se publique o anuncio de licitación das contratacións vinculadas ás actuacións delegadas, o Concello delegado recibirá o 70% do importe da licitación. No caso de que o procedemento de contratación non requira de anuncio de licitación, terase en conta o decreto de adxudicación ou figura equivalente para proceder á transferencia do 70% do importe da contratación.

-O importe restante, ata cubrir o custo da contratación, será transferido no momento en que o Concello xustifique a súa realización por medio de acta de recepción de obra, servizo ou subministración e os documentos regulamentarios en cada caso esixibles, debidamente aprobados polo órgano de contratación da corporación respectiva.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



8. Os concellos colaboradores elaborarán a documentación xustificativa da execución das actuacións do proxecto que se lle deleguen na forma e prazo establecidos.

9. O GDR Terras de Compostela e os concellos asinantes actuarán na execución deste convenio con suxeición aos principios de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, cooperación e coordinación, comprometéndose a manter informados puntualmente cada un deles aos demais sobre calquera incidencia que poida ser relevante para os efectos da execución do convenio.

10. Con anterioridade a este convenio ou con carácter simultáneo a súa aprobación, a GDR Terras de Compostela e os concellos asinantes aprobarán e implantarán un Plan Antifraude e constituirán os órganos e mecanismos previstos nel (comité antifraude, caixa de denuncias, etc.). As disposicións do antedito Plan serán aplicables á cadea de trámites necesarios para xestionar os fondos e executar os proxectos.

Décimo terceira. Comisión de seguimento do presente Convenio.

A Xunta Directiva do GDR Terras de Compostela, desempeñará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e corresponderanlle as funcións de control das actuacións e resolución das cuestións que poidan xurdir verbo da súa interpretación e execución. O funcionamento da antedita Xunta axustarase ás normas reguladoras dos estatutos da entidade.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



En proba de conformidade e trala súa lectura, os comparecentes asinan este convenio en data indicada na sinatura dixital.

D^a. María Guarina Rey Vázquez
Presidenta da **Asoc. Terras de Compostela**

D. José Antonio Pereira Gil
Alcalde do **Concello de A Baña**

D. José Blas García Piñero
Alcalde do **Concello de Ames**

D. José Blas García Piñero
Alcalde do **Concello de Boqueixón**

D. Pablo Lago Sanmartín
Alcalde do **Concello de Brión**

D. Manuel Ángel Leis
Alcalde do **Concello de Negreira**

D. Alberto Romar Landeira
Alcalde do **Concello de Santa Comba**

D^a. Lucía Calvo de la Uz
Alcaldesa do **Concello de Teo**

D. Diego Luis Díaz Méndez
Alcalde do **Concello de Val do Dubra**

D. Carlos Martínez Carrillo
Alcalde do **Concello de Vedra**